



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

CONCELLO PLENO ACTA DA SESIÓN

ÓRGANO: CONCELLO PLENO
EXPEDIENTE N.º : PLN/2019/452
CARÁCTER: EXTRAORDINARIO
CONVOCATORIA: PRIMEIRA
DATA: 15 de Abril de 2019

No Salón de Sesiós do Concello de Foz, sendo as vinte horas e trinta minutos do día quince de abril de dous mil dezanove, reúnese o Pleno do Concello en sesión convocada ao efecto con carácter extraordinario, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Javier Jorge Castiñeira, e coa asistencia dos/as Concelleiros/as que a continuación se indican:

CONCELLEIROS/AS PRESENTES:

Por Partido Popular de Galicia (PP)

D. Javier Jorge Castiñeira
D. Pedro José Fernández Manin
D.ª. Mercedes Josefina González Alonso
D. José Ángel Paleo Soto
D. José Antonio Hermida Fernández

Por Partido dos Socialistas de Galicia (PSdeG-PSOE)

D.ª. Angeles Veiga Varela (**Excusa**)
D. José María Linares Rodríguez (**Excusa**)
D. Ramón Candia Rego

Por Partido Foz, Plataforma de Futuro (FPF)

D. Luís Alfonso Sixto Legaspi
D. Juan Luís González Riveiro
D.ª. María Peña Rubiños Fernández

Por Partido Bloque Nacionalista Galego (BNG)

D.ª. Lorena Seivane García
D.ª. M.ª Teresa Rego Cabanas

INTERVENTORA

D.ª. Yolanda González Rodríguez

SECRETARIA XERAL

D.ª. Antía Pena Dorado

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na Orde do día.

ÚNICO.- APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTOS 2019.-

A Comisión Informativa de Asuntos Preparatorios de Pleno, ditaminou favorablemente a presente proposta, na sesión celebrada o día 9 de abril de 2019, cuxo teor literal di:

"PROPOSTA

Vista a necesidade de proceder á aprobación do orzamento municipal para o presente exercicio 2.019.

Vistos o proxecto de orzamento, os anexos o proxecto de Orzamento, a liquidación do 2018 e demais información que se recolle no expediente.

Visto o informe de avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regra de gasto e límite de débeda.

Visto o informe sobre o Orzamento por parte de Intervención.

Vista a mesa de negociación celebrada o día 20 de marzo do 2019.

Visto o Pleno realizado o 28 de marzo do 2019.

Considerando o disposto no Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, e no RD 500/1990, do 20 de abril.

Considerando o artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, que establece que o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións Locais aprobarán un límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto, que marcará o teito de asignación dos recursos dos seus orzamentos.

De acordo co Plan económico Financeiro o límite de gasto non financeiro **ascende a 6.701.365,56€**. E segundo o proxecto de Orzamentos este límite alcanza os **7.076.350,16€**.

Propoño ao Pleno do Concello que, previa deliberación e exame do expediente, aprrobe a seguinte proposta de acordo:

Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2019 por importe de **8.016.371,43€** no Estado de Ingresos e **7.151.520,16€** no Estado de Gastos.

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNSCORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.359.948,48
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	-150.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.527.592,52
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.777.830,43
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	501.000,00
B) OPERACIÓNSDCAPITAL		
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
B) OPERACIÓNSFINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		8.016.371,43€

ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

A) OPERACIÓNS CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	3.035.121,00
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	3.467.847,46
3	GASTOS FINANCEIROS	6.450,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	419.720,58
5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	147.211,12
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCEIROS	800,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	74.370,00
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		7.151.520,16€

A continuación ábrese polo Sr Alcalde-presidente **un turno de intervencións**, explicando primeiramente a proposta e antecedentes deste asunto.

Ramón Candia Rego, concelleiro do grupo municipal do PSDG-PSOE, manifesta que se a proposta que vai expoñer FPF é a que saíu na prensa, é o mesmo escenario, os mesmos actores, non cambiou nada e os informes seguen sendo negativos, en consecuencia, parécelle que foi unha perda de tempo. Xa se explayaron suficientemente no anterior pleno. Non son viables e maquíllanse os ingresos para poder facer certo tipo de gastos , e na quenda de réplica si o considera oportuno e coa autorización do alcalde fará algunha puntualización.

Luis Alfonso Sixto Legaspi, concelleiro do grupo municipal de FPF, di que no anterior pleno no que ía o proxecto de presuposto para o ano 2019, FPF tendeu a man ao equipo de goberno para intentar acordar uns presupostos que consideraban que deberían ser mellores que os que se estaban presentando.

Por parte do equipo de goberno acolleuse a proposta de FPF de deixar o presuposto encima da mesa e intentar un acordo mellor para os veciños. Nunha reunión co seu grupo fixéronlle unha serie de achegas baseadas en tres eixes: servizos sociais, creación de emprego e evitar contratar con empresas externas, e maiores servizos para todos os veciños. É certo que o presuposto está condicionado pola intervención da Xunta de Galicia e houbo que aprobar un plan de non dispoñibilidade de 140.000 € no anterior pleno; pero de todas formas crían que estes presupostos tiñan que saír.

Desde FPF crían que so había unha cousa peor que os presupostos que presentaba o equipo de goberno, e é que non tivese presuposto. FPF sempre criticou que se traía o presuposto con retraso, porque entende que deberían aprobarse entre outubro e decembro do ano anterior, porque despois pasa o que pasou durante toda a lexislatura, que non se poden realizar os presupostos ao 100%.

Un dos acordos que tiña FPF co equipo de goberno foi o plan económico-financeiro para poder abrir a residencia e as axudas de 200.000€, axudas de emerxencia para as persoas que estaban actualmente na residencia ou as que entraran e que non tiveran capacidade económica para facer fronte ao custo dunha praza na nova residencia.

Despois de facer os estudos que pediran no seu momento, de canto ascendería o custo de asumir esas axudas, facíase un cálculo bastante optimista de 120.000€. No plan económico-financeiro ían 200.000 €, polo que con este cálculo, e tendo en conta que xa van catro meses do ano, a falta de 8 meses, calcúlase que con 120.000 € cubriríase esta necesidade.

Así mesmo, tamén no tema de servizos sociais, un asunto importante é a axuda a domicilio, que nos últimos anos se veu incrementada e que nos presupostos do ano pasado, se non se aprobaran estes, non habería partida suficiente para cubrir esa axuda a domicilio.

Estaba claro que había que reducir algunha partida das que poñía o equipo de goberno na mesa e FPF apostou por reducir a factura de festas en 48.000€, porque é unha partida moi elevada para o Concello de Foz e esa cantidade debería ser destinada a outras actividades.

FPF sempre apostou por crear emprego no Concello gustaríalles que fose de unha maneira máis estable e alégrase que se sacaran as sete prazas de emprego público que había sen cubrir. Durante estes anos tamén pelexaron para que se creara outra forma de emprego a base de Planes de emprego; entenden que non é o que realmente necesitan as familias. Gustaríalles que o Concello de Foz traballara para atraer empresas ao Concello que crearan un emprego máis estable, pero tamén é importante este Plan de emprego de 120.000 €, que a interventora, no seu informe, di que posiblemente abaratará contratacións externas. Entenden que é fundamental que ese plan de emprego se poña a funcionar canto antes, porque durante a tempada estival é cando máis demanda de servizos hai. Desde que se aproben os presupostos ata final de ano, darase emprego de doce a catorce persoas.

Tamén entendían que os veciños necesitan mellorar a vida diaria, e sobre todo nas parroquias, e querían realizar unha obra na zona de Alemparte, en Cangas, que tería un custo aproximado de 39.000€.

Polo tanto entenden que a nova proposta de FPF está baseada en mellorar os servizos sociais do Concello, a creación de emprego e menos contratos con empresas externas, e máis e mellores servizos para os veciños. Non son os presupostos que a FPF lle gustaría que houbera para este concello, pero o único peor que estes presupostos era que non houbera presupostos. É certo que están as eleccións cerca e que se podían deixar encima da mesa para a nova corporación, pero FPF sendo responsables e achacáronlle sempre que os traía tarde, o que non queren é que, tendo en conta que hai eleccións en maio e ata xullo non se poderían traer a Pleno os presupostos, non se poderían poñer a funcionar ata agosto. Non poden dicir que sempre os trae tarde e despois alargalos no tempo.

É máis, ao alcalde interesáballes moito que se dixese de que partida se ía sacar, das festas, pero que non se preocupe porque posiblemente non os teña que xestionar, polo que o importante é aprobar estes presupostos para que o novo equipo de goberno poida traballar durante o que resta de ano.

Lorena Seivane García, concelleira do grupo municipal do BNG, manifesta que, igual que dixeron no pleno pasado, parécelles unha proposta de orzamentos ficticia e maquillada. E certo que nesta proposta fáiselles ver que se reducen os gastos nalgunhas partidas como poden ser as festas en 48.000€; é certo que esta partida é moi elevada pero que se consume todos os anos, e entón baixar a cantidade nunha partida que é necesaria engorda a débeda, e irá a recoñecemento extraxudicial, polo que se van ver nun apuro, que se converterá nun novo requirimento de facenda.

Báixanse as axudas de emerxencia á residencia porque como se abriu tarde hai que baixar esta partida. Créase un plan de emprego que é certo que aumenta a partida de gastos, que é necesario, pero que non vai solucionar o problema da contratación privada. O último recoñecemento extraxudicial que veu a esta sala de plenos superaba o 500.000 €, algo aberrante para uns orzamentos coma os de Foz, algo que o BNG sempre criticou e seguen sen entender e que pasa porque o PP permite que a maior parte das obras as fagan empresas privadas.

Aumentan en 40.000€ as inversións para a calzada de Cangas, algo que efectivamente era necesario.

Os informes seguen sendo desfavorables e o plan económico-financieiro segue sen cumprirse, e o BNG non vai permitilo co seu voto, polo que manteñen a súa posición.

O alcalde di que cos reaxustes propostos por FPF conséguense 120.000€ para un plan de emprego, 48.000 € para o arranxo da estrada de acceso a Cangas, ao barrio de Alemparte, e súmanse 4.000€ de inversións para mobiliario.

Iso sácase do reaxuste da partida de emerxencia social, que aínda que se pediran 200.000€, vistos os informes da empresa e do asistente social, enténdese que os custos non van superar os 5.000 € ao mes, polo que, aínda poñendo o dobre, estase en 120.000 € e con tres meses por diante do que é o exercicio. Aínda se deixan 10.000€ para axudas a emerxencia doutro tipo, e si é certo que se deixa máis nesa partida porque pode ser que nos próximos orzamentos haxa que prorrogalos no 2020, e que haxa unha partida suficiente para eses 10.000€ ao mes. Con isto, deixa 80.000 € para financiar unha parte importante do plan de emprego.

O que gasta o Concello de Foz en festas durante todo o ano gástao o Concello de Viveiro no Resurrection Fest, e está seguro de que un euro invertido en festas son dez euros na economía local e aí se fundamenta parte do ocio deste pobo durante todo o ano. Foz é unha referencia na cabalgata de Reis, no entroido, nas actividades do verán, festas patronais, festa normanda, e hai que contar tamén coas festas de todas as parroquias. Polo tanto, meter a cabeza debaixo da terra é inxusto, e con isto pode que



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

as últimas festas do ano poidan quedar pendentes de cobro para recoñecemento extraxudicial. Pásase de 180.000 a 150.000 €, que dá seguridade xurídica para quen governe.

Foron goberno durante oito anos e están moi orgullosos e non se arrepiñen e se lles toca seguir gobernando seguirán nesa liña. Por responsabilidade queren deixar uns orzamentos e deixar todo cadrado. Deixan 4.000.000€ na caixa de liquidez, para que non teñan os problemas que tiveron eles. Dicer que ter un plan económico-financeiro é estar intervido, que non se cumpriu a regra de gasto porque había prioridades neste concello e cumprimentos que se quixeron facer, pois tampouco é certo. Botar catro anos no goberno e chegar a acordos co BNG e con FPF e que foron positivos, e neste último ano permitiron o obxectivo máis grande que tiña esta corporación, que a residencia estivera funcionando, pois iso está aí, e todo o que hai feito, foi en base a que se aprobaron uns orzamentos e que esta corporación foi exemplar. Botou de menos ao PSdG-PSOE que non tivo vontade nunca, en ningún dos orzamentos, de querer facelo, pero é que é difícil a labor de ser cabeza de oposición e incluso poden comprender as súas negativas; pero si é verdade que están moi contentos de sacar estes orzamentos adiante, que non son os seus, pero nesta lexislatura en minoría, trátase de compartir e cree que se fixo.

Ramón Candia Rego, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, di que se alegra de que se contivera o gasto, porque di que quedan 4.000.000€, os mesmos que di que hai desde que el asiste a este pleno, o que quere dicer que non se gasta un peso. En función das intervencións repite o que dixo ao principio, repítese o escenario, repítese os actores e faise un maquillaxe para facer un “paripé” populista de carácter electoral e conseguir publicidade gratuita nos medios porque se está en época electoral. Pretender lavar a cara agora dicíndolle ao PP que se non quita maioría absoluta non gobernará, cada un é responsable dos seus actos e primeiro haberá que saber o que di o pobo e despois xa se negocia. Falar de que é suficiente a contía de 120.000€ para os meses que quedan para as axudas para a residencia, non quedan oito meses, se non seis cando se aproben definitivamente os presupostos, polo que se necesitaría a metade, porque parece que nin sumar se quere saber. Non é unha cuestión de responsabilidade se non de pura demagogia, que a estas alturas, e despois de catro anos de mandato, non hai que ser moi entendido nestas materias pero isto resúmese como en repetidas ocasións o di ou insinúa os servizos xurídicos, de que se gastou máis do debido. Incluso, se fose en temas de interese social aínda podería ser disculpable, pero é puro e duro malgaste, e descontrol. Mire se é descontrol que están os focos acesos en plena luz do día. Con todo isto quere dicer que o voto do seu partido vai ser non aprobar estes presupostos.

Luis Alfonso Sixto Legaspi, concelleiro do grupo municipal de FPF, manifesta que o plan económico-financeiro os servizos de intervención do Concello din que é posible que se incumpra, pero si que cambiou algo dos anteriores informes a estes, e di que co plan de emprego non sería necesario contratar con empresas externas, o cal abarataría os custos, dando lugar á posibilidade de reducir o incumprimento da regra de gasto.

Ten entendido que os residentes da nova residencia pasaron o día 1 de abril e, desde ese día, van a cobrar, non só desde que se aproben os presupostos, polo que serían nove meses. Se non se sacan adiante estes presupostos non habería axudas para os novos residentes, a iso non hai que darlle máis voltas.

Entenden a postura do PSdG-PSOE e do BNG, porque como van ser as eleccións ao mellor lles interesa máis votar en contra dos presupostos do equipo que goberna neste momento, pero FPF non mira o rédito electoral se non que os veciños teñan uns servizos que ata a data non teñen. Hai concellos cerca que aprobaron os presupostos fai quince días, polo que non é un problema que se aproben antes das eleccións.

FPF quere incidir no mesmo, melloraron os servizos sociais, crearon emprego que non se podía crear, abarataron o custo e intentarían que a posibilidade de que se incumpra a regra de gasto baixe, e danlle un servizo, neste caso, a unha obra para a parroquia de Cangas, porque sempre se preocuparon polas parroquias, esquecidas polo equipo de goberno.

Lorena Seivane García, concelleira do grupo municipal do BNG, di que cando había que votar a favor votaron, e non so cos orzamentos, implicáronse coa residencia pero a partida de emerxencia está

informada negativamente desde o momento cero por intervención, non é 100% legal e non saben se se vai poder aplicar, non cren nestas axudas e van manter o seu voto negativo.

Ramón Candía Rego, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, dille a Sixto que o peor que pode ocorrer é enganarse a un mesmo; unha cousa son as boas intencións e outra a efectividade das mesmas. Se se pode dar con carácter retroactivo dar axudas aos anciáns desde o mes de abril, poderase facer aprobando hoxe ou cos presupostos que a nova corporación crea conveniente, polo que non pode tildar doutra maneira máis que de electoralista a medida.

Para que sexa crible o de crear emprego e que a consecuencia disto se van abaratar os custos non contratando empresas externas, debería facerse o comparativo e dicir onde, como e cando, cal vai ser o perfil contratado e cales son as necesidades para poder valorar se se van eliminar as empresas externas ou se van duplicar servizos.

A contratación externa debe ser para aqueles servizos que o concello non pode cubrir con medios propios, e non é que o diga el.

Finalizado o debate, **sométese a votación a Proposta de Alcaldía, obténdose o seguinte resultado:**

Votos a favor: (5): todos os membros do PP (5).

Votos en contra: (3): todos os membros do PSOE (1); todos os membros do BNG (2).

Abstencións: (3): todos os membros do FPF.

A tenor do resultado da votación, o Pleno da Corporación **APROBA** o seguinte acordo:

-Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral para o exercicio 2019 por importe de 8.016.371,43€ no Estado de Ingresos e 7.151.520,16€ no Estado de Gastos.

ESTADO DE INGRESOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNSCORRENTES		
1	IMPOSTOS DIRECTOS	3.359.948,48
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	-150.000,00
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.527.592,52
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.777.830,43
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	501.000,00
B) OPERACIÓNSDCAPITAL		
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
B) OPERACIÓNSEFINANCEIRAS		
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL DO ESTADO DE INGRESOS		8.016.371,43€

ESTADO DE GASTOS		
RESUMO POR CAPÍTULOS		
CAPITULO	DENOMINACIÓN	EUROS
A) OPERACIÓNSE CORRENTES		
1	GASTOS DE PERSOAL	3.035.121,00
2	GASTOS CORRENTES E SERVIZOS	3.467.847,46
3	GASTOS FINANCEIROS	6.450,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	419.720,58



CONCELLO DE FOZ (LUGO)

5	FONDO DE CONTINXENCIA	0,00
6	INVESTIMENTOS REAIS	147.211,12
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
8	ACTIVOS FINANCIEROS	800,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	74.370,00
TOTAL DO ESTADO DE GASTOS		7.151.520,16€

Concluído o anterior, ás do día quince de abril de dous mil dezanove, non sendo outro o obxecto da convocatoria, o señor Alcalde levanta a sesión no lugar e data ao principio indicados, estendéndose a presente acta para constancia, de todo o que, como secretaria, dou fe.-

A SECRETARIA,
ANTÍA PENA DORADO

O ALCALDE,
JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)